

TRABALLO - EXAME PELÍCULA

“TENEMOS QUE HABLAR DE KEVIN”

VALORES ÉTICOS 2º BACH. - CURSO 2020-21



1. Analiza o tipo de relación que se establece entre a nai e Kevin.

2. Segundo se vai desenvolvendo Kevin obsérvanse certos síntomas clínicos. Consideras que teñen algunhas características típicas dalgún trastorno en concreto? Cal? Busca información sobre psicopatoloxías para argumentar a túa resposta.



3. Se se puidera aplicar algún tratamento para este caso, cal consideras oportuno e en que momento se podería ter aplicado? Busca información sobre tratamentos de psicopatoloxía para argumentar a túa resposta.

4. Que pode facer que un neno sexa tan malo ou cando menos teña tan pouca empatía para que asesine aos seus compañeiros ou á súa familia como se isto fora o gran pracer, o máximo xogo?

5. Sería Kevin o que chaman en Estados Unidos un “*Natural Born Killer*”? Busca casos similares reais e expón (polo menos) o seu titular ou aspectos básicos (Se algún te chama especialmente a atención podes reflexionar ti mesm@ sobre o caso/s).

6. É Kevin o resultado dun neurodeterminismo, de ter nacido cun cerebro incapaz para empatizar cos demais? Busca información sobre neurodeterminismo, por exemplo en: <https://www.bioeticaweb.com/neurociencia-y-libertad-una-aproximacion-interdisciplinar/> para argumentar a túa resposta.

7. Ou é a "maldade" de Kevin, sobre todo o resultado da falta de amor da súa nai, un produto da súa infancia como destino para o resto da súa vida?

8. Ou cres que Kevin é o resultado dunha especie de posesión demoníaca, do diaño como unha forza maligna que se infiltra no mundo?

9. Ata que punto as desatencións dunha nai (ou pai), a súa incapacidade para amar e criar con cariño e paciencia, poden crear un "monstro"? Que pode haber para ti máis importante, máis decisivo na vida futura dunha persoa que a falta de amor e comprensión da súa nai (ou pai, pais)?





10. Analiza persoalmente o “discurso” que di Kevin na televisión: “Vale. Es así: te levantas y ves la tele, te metes en el coche y escuchas la radio, y vas al trabajo o a clase, pero no vas a oír nada sobre eso en las noticias de las 6. ¿Por qué? Porque en realidad no está ocurriendo nada. Luego, te vas a casa y vuelves a ver más televisión, o quizá, si es noche de salir, vas a ver una película. (Risa breve) ¡Es decir, es tan triste que la mitad del tiempo la gente de la tele, de dentro de la tele, están viendo la tele! ¿Y qué ven todas esas personas? ¿Eh? A gente como yo. ¿Qué estáis haciendo ahora mismo sino es verme a mí? ¿No habríais cambiado ya de canal si todo lo que hubiera hecho fuera sacar un diez en geometría?” Que nos quere dicir? A quen está criticando?

11. Que significado cres que ter a cor vermella na película? (Indica todas as diversas ocasións que lembres nas que aparece esa cor dende o comezo da historia).



12. Como interpretas ou que significado cres que ten o final da película, é dicir a conversación no cárcere entre Kevin e a súa nai e a posterior escena final?:

Final Conversación:

NAI: "Dos años... Tiempo de sobra para pensar en ello... Quiero que me digas de una vez por qué? (lo hiciste)"

KEVIN: "Antes creía saberlo, ahora no estoy tan seguro"

(Silencio. Garda do cárcere: “Se acabou el tiempo”)

E (escena final) rematan nun sentido e intenso abrazo antes de volver Kevin á súa cela e a nai sae lentamente do cárcere ollando unha porta dunha branca luz radiante, ata que a pantalla se funde no branco.

Desenvolve todo o posible a resposta e as túas interpretacións persoais.

13. Como valorarías a actitude e comportamento (dende o teu punto de vista) dos seguintes personaxes:

- Kevin; A nai de Kevin; O pai de Kevin; A irmá de Kevin; A xente da cidade (afectados e non afectados directamente).

14. Como actuarías ti (como nai ou pai) se tiveras un fill@ como Kevin? E como veciñ@, se Kevin matara ao teu fill@?

15. Opinión persoal sobre a película (valoración, gustou ou non, as túas conclusións, o que sacaches en limpo e todo o que queiras).

